

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O FOMENTO DA LECTURA DA PRENSA ESCRITA ENTRE O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES DE GALICIA SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS NO ANO 2023 ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A ENTIDADE EDITORIAL LA CAPITAL S.L.U. -DIARIO DE AROUSA-

En Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2023

REUNIDOS

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que en virtude do seu nomeamento a través do Decreto 60/2022, do 15 de maio, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia (DOG número 94, do 16 de maio) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, Nicolás García Vázquez, con NIF número 79.314.235-T, en virtude de escritura de poder do 22 de marzo de 2021, outorgada ante D. Emilio López Paz, notario del Ilustre Colegio Notarial de Galicia, número 431 do seu protocolo, en representación de "Editorial La Capital, S.L.U.", con CIF B-15.162.068 (entidade mercantil)

As partes recoñécense mutua capacidade para obrigarse e convir, e, para estes efectos,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que segundo o Decreto 119/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, esta é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural, dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago; a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades; a promoción e o ensino da lingua galega, así como a dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia; a coordinación do sistema universitario; o recoñecemento, tutela e rexistro das fundacións de interese galego de carácter cultural e educativo.

Segundo.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outros entes de dereito público ou privado para a consecución dun fin común, baixo o réxime xurídico establecido no capítulo VI da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Terceiro.- Que son conscientes de que un servizo educativo participativo e de calidade debe responder ás novas demandas sociais de modo eficaz, completando a oferta do ensino e fomentando as condicións de igualdade de oportunidades para a formación de toda a cidadanía. Nos tempos actuais a educación integral do alumnado demanda a colaboración de toda a comunidade educativa e outras institucións da sociedade para atender as aspiracións e necesidades do alumnado e familias, especialmente no que atinxe ao desenvolvemento de actividades extra curriculares.

Cuarto.- Que o fomento da lectura é un pilar fundamental que resulta preciso fomentar dende idades temperás co fin de promover que os nenos e nenas adquiran hábitos de lectura e culturais, asumindo a idea da cultura propia de Galicia como un dos principais aspectos da nosa sociedade. O fomento e promoción da lectura resulta un aspecto fundamental que resulta conveniente incluír entre o alumnado galego.

Quinto.- Que a mercantil Editorial La Capital S.L.U, ten unha ampla difusión e na súa liña de información en temas de actualidade, quere participar e colaborar no desenvolvemento de programas educativos encamiñados a potenciar e promover a utilización da prensa, como instrumento de formación complementaria do alumnado galego a través de actividades extra curriculares, desde a súa edición especial para Galicia, acción que ámbalas dúas partes xulgan de relevante transcendencia e interese xeral. Esta acción formativa, polo seu carácter non formal, pode resultar o medio mais axeitado para achegar a lectura ao alumnado galego, de xeito que sexan os propios alumnos e alumnas os que descubran por si mesmos, a través da utilización da prensa, os valores culturais propios de Galicia.

Sexto.- Que os centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos que imparten cursos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Especial e/ou Formación Profesional terán á súa disposición o xornal editado pola entidade mercantil como material de apoio básico nas actividades extra escolares referidas á prensa nas aulas como medio que favoreza as garantías de éxito académico, grazas á difusión, promoción e divulgación de noticias de carácter educativo que propicien unha mellor formación do alumnado nunha sociedade desenvolvida.

Polo exposto, e tendo en conta a sintonía de obxectivos e a complementariedade dos medios e mecanismos concorrentes para a súa consecución, as dúas partes acordan celebrar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

ESTIPULACIÓNS

Primeira.- Finalidade do convenio.

Este convenio ten por finalidade contribuír ao desenvolvemento dun programa educativo encamiñado a potenciar e promover a utilización da prensa escrita como un instrumento de formación complementaria do alumnado, a partir de iniciativas que posibiliten hábitos de lectura dende unha idade temperá e fomenten o desenvolvemento da súa conciencia crítica como cidadáns e o seu interese polos valores culturais do pobo galego.

A tipoloxía das actividades que se leven a cabo en base a este convenio serán de carácter extra curricular e favorecerán a aprendizaxe na selección, análise e interpretación das noticias publicadas no seu xornal en formato papel, particularmente daquelas relacionadas coa educación, a igualdade de oportunidades e o uso da lingua galega no sistema educativo.

Segunda.- Obxecto do convenio.

Este convenio ten por obxecto colaborar na difusión de información cultural, educativa ou/e social entre o alumnado dos cursos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Especial e/ou Formación Profesional dos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos mediante as actuacións que se establecen na estipulación cuarta.

Terceira.- Orzamento.

De acordo cos datos facilitados pola entidade mercantil, o orzamento das actividades previstas neste convenio ascende a un total de **8.850€**, que será sufragado coa achega de ambas as dúas partes.

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades comprométese a financiar un importe máximo de **1.806,00€** á entidade mercantil para compensar parte dos custos nos que incorra para a realización das actividades derivadas deste convenio.

A achega imputarase á aplicación orzamentaria 10.01.423A.640.0 correspondente a créditos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2023.

As ditas achegas financiarán exclusivamente o custo de realización das actividades obxecto deste convenio, sen que ningunha das partes convenientes obteña lucro ningún.

A Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de gasto, modificada polas ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, establece que os expedientes de gasto poderanse iniciar sempre que as necesidades que se teñan que satisfacer poidan ser razoablemente previstas anticipadamente, no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian a imputar, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

Cuarta.- Obrigas das partes.

1. Serán obrigas da entidade mercantil:

- a) Publicar semanalmente información relacionada con temas de educación, con especial fincapé nas políticas de igualdade de oportunidades, calidade, estratexias e accións de innovación e boas prácticas nas diferentes etapas formativas, concretada nunha sección ou grupo de artigos de dedicación a estes temas.
- b) Distribuír como mínimo un exemplar do seu xornal (Diario de Arousa) polo menos un día á semana nos centros docentes de Galicia sostidos con fondos públicos que imparten cursos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Educación Especial e/ou Formación Profesional, incluídos na relación de centros que lle proporcionará a consellería. Procurarase que o día de distribución coincida no día de publicación da información á que se refire a letra a) anterior. En todo o caso, os exemplares deberán repartirse en días que teñan a consideración de días lectivos segundo o calendario escolar publicado pola consellería competente en materia de educación.

O número total de exemplares a distribuír durante a vixencia do convenio será de **10.585 exemplares.**

A previsión de distribución de exemplares por mes é a que se relaciona na seguinte táboa. Esta previsión poderá verse alterada cunha porcentaxe de variación do 30%, agás no mes de decembro, no que o número total de exemplares que se distribúan deberá coincidir exactamente co estipulado no convenio.

Mes	Unidades previstas
Xaneiro	1.200
Febreiro	1.200
Marzo	1.623
Abril	988
Maio	1.482
Xuño	706
Setembro	-
Outubro	1.411
Novembro	1.411
Decembro	564
Total	10.585

Excepcionalmente, e por causas de forza maior debidamente xustificadas, poderá modificarse a porcentaxe de variación para meses determinados.

- c) Elaborar a información para a súa difusión no medio correspondente, sen que a Xunta de Galicia poida determinar o contido concreto da información publicada.
 - d) Conservar os documentos xustificativos das accións realizadas, incluídos os xustificantes das entregas dos exemplares dos xornais nos centros educativos correspondentes, que estarán a disposición da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para que, no seu caso, poidan realizarse as actuacións de comprobación pertinentes.
2. Serán obrigas da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades:
- a) Pagar o importe correspondente, logo da xustificación da execución total ou parcial das accións a desenvolver, e de acordo co establecido neste convenio para os pagamentos.
 - b) Proporcionar á entidade mercantil os datos e a documentación que se lle requiran e que garantan a obxectividade e veracidade da información.

Quinta.- Protección da infancia e das mulleres. Igualdade de xénero.

A entidade mercantil, de acordo coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia e o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, para unha mellor protección dos rapaces e rapazas e cara á non discriminación das mulleres, buscará a progresiva redución e limitación de anuncios dos chamados "contactos" cara a súa progresiva eliminación, especialmente entre os exemplares que se distribúan nos colexios. En todo caso nestes exemplares eliminaranse as fotografías que se puideran incluír neste tipo de anuncios.

Igualmente incorporará progresivamente a perspectiva de xénero no ámbito da difusión da información.

Sexta.- Plena integración das persoas con discapacidade.

A entidade mercantil prestará especial atención á promoción de actitudes e condutas positivas para conseguir unha visualización axeitada das persoas con discapacidade, reforzando a súa imaxe e contribución á sociedade.

Sétima.- Normativa lingüística.

Todas as accións e actividades que se realicen en galego ao abeiro deste convenio levaranse a cabo de acordo co contemplado na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, e de acordo coa normativa ortográfica e morfolóxica do idioma galego aprobada pola Real Academia Galega o 12 de xullo de 2003.

Oitava.- Pagamento e xustificación.

- 1. Pagamentos.** Os pagamentos se realizarán en función do grado de execución do convenio, de acordo co número de exemplares distribuídos e o custo unitario por exemplar.

Non se aboaran aqueles exemplares distribuídos que excedan do total establecido para todo o período de vixencia deste convenio.

- 2. Pagamentos parciais.** A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades efectuará pagamentos mensuais. A entidade mercantil achegará a seguinte documentación:

- a) Certificación detallada asinada electronicamente pola persoa responsable da relación de gastos que orixine a execución das actividades previstas neste convenio, correspondente aos pagamentos parciais.
- b) Declaración responsable da realización parcial das actividades (Anexo I).

- 3. Pagamento final.** Unha vez rematado o convenio presentarase:

- a) A documentación correspondente ao último mes de vixencia do convenio.
- b) Unha memoria económica do custo final soportado desagregado por conceptos.
- c) Unha memoria xustificativa de todas as actuacións realizadas xunto coa documentación acreditativa.

4. Presentación da documentación adicional.

De acordo co artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, é obrigatorio presentar a documentación asociada (isto é, o anexo I cumprimentado e a xustificación da información publicada ao abeiro do convenio), por medios electrónicos.

Os anexos, as memorias e o resto de documentación xustificativa deberá presentarse obrigatoriamente no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia dispoñible na sede electrónica (<https://sede.xunta.gal/rexistro-electronico>), a través do modelo de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non dispoñan dun sistema electrónico específico nin dun modelo electrónico normalizado (código de procedemento PR004A)

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, diminuírase proporcionalmente.

Novena.- Avaliación e seguimento. Comisión mixta.

Co fin de realizar o seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta de avaliación e seguimento, que estará integrada por dous representantes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, un dos cales actuará como presidente, e outros dous da entidade mercantil. No caso de empate nas votacións da comisión, dirimirá o voto da persoa que exerza a presidencia.

A comisión reunirse a petición de calquera das dúas partes.

Décima.- Publicación.

Os datos básicos relativos a este convenio serán publicados de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Os datos identificativos das entidades integraranse en ficheiros informáticos para os efectos oportunos, podendo os interesados exercer os dereitos recoñecidos con carácter xeral na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa de desenvolvemento.

Décimo primeira.- Vixencia do convenio.

O presente convenio estará vixente desde a súa sinatura ata o 15 de decembro de 2023 e non será prorrogable.

Durante o período do 16 de xuño ao 30 de setembro, ambos incluídos, non se realizarán as actuacións previstas no obxecto deste convenio. Este período poderá adaptarse tendo en conta as datas de impartición efectiva de clases segundo o calendario escolar que estableza a consellería competente en materia de educación.

Décimo segunda.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas cos seus correspondentes xuros de mora, ademais das establecidas no artigo 52.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, as seguintes:

- O incumprimento de calquera das estipulacións establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

Décimo terceira.- Modificación do convenio.

De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico o convenio poderá ser obxecto de modificación cando teña por finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou, no caso de que este convenio teña carácter plurianual, a ampliación do seu prazo de execución.

De acordo co artigo 4.2 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira de Galicia entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou superávit estrutural en termos de capacidade de financiamento acorde coa definición contida no sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

As modificacións do presente convenio requirirán o acordo unánime dos asinantes.

Décimo cuarta.- Relación laboral. Resultados conxuntos.

A subscrición do presente convenio non suporá a existencia dunha relación funcional, laboral ou de calquera outro tipo entre a Administración e o persoal da entidade mercantil que vaia desenvolver as actividades, de maneira que non se lle poderá esixir á Xunta de Galicia ningunha responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Para o caso de utilizar materiais e/ou documentos básicos elaborados conxuntamente polas partes asinantes serán de titularidade e uso común, sen prexuízo dos dereitos de propiedade intelectual que, de ser o caso, os protexan fronte a terceiros.

Décimo quinta.- Réxime xurídico.

O presente convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6. O seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio convenio e pola normativa que resulte de aplicación.

Segundo o artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, as relacións xurídicas, os negocios e os contratos excluídos do ámbito desta lei rexeranse polas súas normas especiais, aplicándose os principios da mesma para resolver as dúbidas e lagoas que se puidesen presentar. Así pois, as dúbidas que puidesen xurdir en relación coa interpretación, modificación, resolución e efectos das cláusulas deste convenio, serán resoltas pola comisión mixta. En caso de discrepancias, serán competentes os órganos xudiciais da orde contencioso-administrativa.

Décimo sexta.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo sétima.- Notificación electrónicas

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electrónicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

En proba de conformidade cos termos deste convenio, as partes comparecentes asínano por duplicado exemplar, no lugar e datas mencionados.

Pola Consellería de Cultura,
Educación, Formación Profesional e
Universidades

O conselleiro

P.D. (Orde 29/07/2022, DOG núm. 151, do 9 de
agosto)

O secretario xeral técnico

Manuel Vila López

Por Editorial La Capital S.L.U.,

Nicolás García Vázquez

